



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO, 8 DE NOVEMBRO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 20:03 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: José Luis García López (Alternativa por Arzúa)

ASISTEN:

Do grupo municipal de Alternativa por Arzúa :

Miguel Angel Vallo Camba

Mª del Carmen Fuentes Rios

Mª del Carmen Torreiro González

Manuel Rodríguez Santos

Aurora Varela Duro

Do grupo municipal do PP:

Rafael Rivadulla Varela

Cristina Castro Pampín

Jesús Gómez Camino

Do grupo municipal do BNG:

Xoan Xesús Carril Ramos

Lucia López Sobrado

Do grupo mixto:

Emilio García Vázquez

Begoña Balado Conde

AUSENCIAS:Ningunha

SECRETARIA: Rebeca Vázquez Vázquez

INTERVENTORA: Olga Castro Fernández

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS ANTERIORES.

De conformidade co preceptuado no artigo 21 do R.O.F. o presidente pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións realizadas en data 24 de xullo de 2019 e 5 de setembro de 2019.

Manifesta a Sra. Lopez Sobrado (do BNG) que en relación a acta do pleno de 5 de setembro no apartado de Rogos e Preguntas había unha moción que fora presentada polo Partido Popular en forma de rogo, e sen non lembra mal o debate produciuse inmediatamente despois de que se presentara e na acta aparece separado, solicita que se corrixa, porque senón queda deslabazado e non se entende. Manifesta a Secretaria que non hai problema a dita rectificación xa que o rogo en relación coa loita contra a violencia machista foi exposto pola concelleira Cistrina Castro Pampín creando debate de forma inmediata non tendo problema en que se aprobe con dita rectificación quedando constancia de que o debate en relación con dito rogo foi inmediatamente despois de dito rogo.

Por unanimidade con 13 votos a favor de tódolos/as concelleiros/as quedan aprobadas acta do pleno de 24/07/2019 e acta do pleno de 5 de setembro de 2019 coa rectificación solicitada pola concelleira López Sobrado .

2.- DITAME FESTIVOS LOCAIS 2020

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión informativa para determinados asuntos do Pleno e para control da xestión municipal de data 5 de novembro de 2019:

PRIMEIRO: Designar como días festivos no termo municipal de Arzúa de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano 2020, os seguintes días: xoves 16 de xullo, por coincidir co día en que se celebra a festividade na honra á Virxe do Carmen, luns 13 de abril, por coincidir co luns de Pascua.

SEGUNDO: Dar traslado dunha certificación do acordo ao Xefe de sección do SMAC, Servizo de Traballo e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para que se proceda a inclusión dos dous días indicados como festivos de

carácter local no Calendario Laboral do ano 2020

Ao non haber intervencións, o Sr. alcalde someteu a votación este punto da orde do día, adoptándose por 11 votos a favor (6 de AxA, 1 de PsdeG-PSOE, 3 PP e 1 CxA) e dúas abstencións do BNG, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Designar como días festivos no termo municipal de Arzúa de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano 2020, os seguintes días: xoves 16 de xullo, por coincidir co día en que se celebra a festividade na honra á Virxe do Carmen, luns 13 de abril, por coincidir co luns de Pascua.

SEGUNDO: Dar traslado dunha certificación do acordo ao Xefe de sección do SMAC, Servizo de Traballo e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para que se proceda a inclusión dos dous días indicados como festivos de carácter local no Calendario Laboral do ano 2020

3.- DITAME ADHESIÓN O CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DE BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.

Indica a secretaria que este punto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa para asuntos do Pleno, control e xestión municipal o día 5 de novembro de 2019 no seguinte sentido:

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión o convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

SEGUNDO.- Aceptar para dita adhesión formal e expresamente todas e cada unha das cláusulas do Convenio indicado nos considerandos do acordo asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo con subxección plena a todas elas.

TERCEIRO.- Autorizar ó Alcalde para calquera acto necesario para a efectividade deste acordo.

CUARTO.- Remitir certificado deste acordo á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia aos efectos oportunos.

Interveñen:

*A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar, que está de acordo coa adhesión a este convenio, porque están adheridos a el practicamente todos os concellos con risco de incendios.

*A Sra. López Sobrado (do BNG) para manifestar:

-Que presentánsenos serías dúbidas de como se está executando este convenio por parte da Xunta de Galicia, toda vez que dende o verán de 2018 que foi cando lanzaron esta proposta os concellos, hai moitos concellos que se adheriron, pero non contan cas ferramentas necesarias, por exemplo para a medición de franxas de protección en cada concello, que teoricamente deberíase fornecer dende a Xunta de Galicia.

-Que dende o noso grupo consideramos que este convenio é un claro exemplo da extratexia recorrente da Xunta de Galicia de descargar mais responsabilidades sobre os concellos sen ter en conta as competencia municipais, nin as necesidades, nin os recursos necesarios para asumir estas obrigas.

-Que hai que ter en conta que con este convenio cargariase ao concello coa vixianza e a execución forzosa no caso de que os propietarios incumprisen a normativa.

-Que desde o noso punto de vista estamos ante unha chantaxe por parte da Xunta aos concellos, os concellos quedan vendidos se non se adhiren a este convenio, recaendo sobre eles toda a responsabilidade no caso de que acontecese algo.

-Que o nacemento deste convenio xa veu acompañado de certa polémica con queixas dende a Fegamp, porque non foi consensuado cos concellos.

-Que dende o noso punto de vista segue adocendo de improvisación e falta de rigor co que o PP traballa dende a Xunta de Galicia en temas de prevención contra os incendios.

-Que seguen sen darselle uso as franxas de protección que o deberían ter, e dende o BNG consideran que omellor uso que podían ter é que estivesen dentro dunha ordenacion do monte galego que é a día de hoxe moi necesaria, que non existe, e se non existe é porque ao PP no lle interesa ou ten outros intereses ou outras entidades aos que beneficiar.

-Que ante estas incertidumbres que nos xera este convenio ao igual que fixemos na comisión informativa a nosa posición vai ser a abstención.

*O Sr. Rivadulla Varela (do PP) para manifestar:

-Que como xa comentaron noutra ocasión o concello tiñase que poñer en marcha con esta cuestión, non quita que no tempo que empece a chover e facer frío vaian desaparecer os incendios, xa que soen darse bastante ao final do verán

-Que reclamamos unha ferramenta é este convenio e unha delas, o que mais preocupa e se vai ter unha aplicación real, porque notificar aos propietarios e potestade do concello e facer que se cumpla a normativa tamén, se lle proporcionan as ferramentas dende a consellería do medio rural para poder levar a cabo esa función, pero dende logo a responsabilidade recae no concello.

- Que a día de hoxe segue habendo a necesidade de que franxas secundaria se limpen, non se sabe se o final se van limpar estas zonas.
- Que entende que dende a Xunta de Galicia intenten poñer en mans dos concellos as ferramentas necesarias para que estas cuestións non sexan un problema para eles, sempre poderá haber algún fleco que quede sen abordar economicamente, pero se lle dota aos concellos de recursos, e este concello algún dos recursos non os soubo aproveitar, porque hai equipamentos que se lles conceden os concellos, a través de subvencións que se solicitan.
- Que lle consta que houbo un convenio coa Xunta de Galicia para limpar unhas cantas hectareas, pero non hai unha cuadrilla, que se podería haber solicitado.
- Que desde o PP estas ferramentas quedan en mans dos Concellos e deben recaer sobre eles a responsabilidade total ou non, ou de se hai intereses para que este tipo de traballo o fagan unhas determinadas empresas ou non, non o sabe.
- Que en época do bipartido constituíuse unha sociedade para encargarse destas cuestións os intereses supoño que os coñecera quen a constituíu xa que está sociedade segue funcionando.

*O Sr. alcalde para manifestar:

- Que o seu grupo vai votar a favor da adhesión ao convenio, non porque estemos moi convencidos de que vaia a funcionar, somos un dos últimos concellos que imos asinar este convenio, polas dúbidas das que falou a concelleira do BNG, se ben é certo que con dúbidas ou sen elas a maior parte dos concellos de todas as cores están asinando dito convenio.
- Que non quere entrar no tema das cuadrillas, pero nas reunións que se facían hai anos para explicarnos o tema das cuadrillas había poucos concellos , incluso do PP, que contrataran con este sistema, porque ao final tamén e un risco mandar xente que non ten unha formación completa e total a apagar un lume, por iso e por outras cuestións o concello non está pedindo esas cuadrillas.

*Volve a intervir a Sra. Sobrado López (do BNG):

- Que é verdade que hai concellos de todas as cores que se estan adherindo a este convenio, e volve a repetir , porque non lle queda outra, porque é a única alternativa que deixan, porque se non se adhíren quedarían vendidos e recaerían sobre eles toda a responsabilidade e sen posibilidade de corrixir a situación.
- Que quere recalcar o problema que temos coa ordenación do monte neste país, non se soluciona con isto, a ordenación do monte non pode estar ao servizo de multinacionais como ENCE, que é o que o PP está fomentando dende a Xunta de Galicia, senón que ten que estar o servizo do pobo galego, dos galegos e galegas que teñen que ter un monte productivo que sirva para moito mais do que está servir ao día de hoxe, e dende logo que non sexa un polvorín que é no que se converte cada verán

Tras todo o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este punto da orde do día,

adoptándose por 10 votos a favor (6 de AxA, 1 de PSdeG-PSOE, 3 PP) e 3 abstencións (2 do BNG e 1 de CxG) , o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión o convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

SEGUNDO.- Aceptar para dita adhesión formal e expresamente todas e cada unha das cláusulas do Convenio indicado nos considerandos do acordo asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo con subxección plena a todas elas.

TERCEIRO.- Autorizar ó Alcalde para calquera acto necesario para a efectividade deste acordo.

CUARTO.- Remitir certificado deste acordo á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia aos efectos oportunos.

4.- DITAME MODIFICACION ARTIGO 6 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS

Indica a secretaria que este punto foi ditaminado favorablemente pola Comisión de contas e de economía e facenda, o día 5 de novembro de 2019 no seguinte sentido:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas coa seguinte desagregación:

Modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal (modificación do cadro de tarifas):

| TIPO SUMINISTRO | €/m³ |
|----------------------------------|------------------------|
| DOMESTICOS | |
| Por mantemento do servizo | |
| Mínimo 10 m ³ /mes | 0,4766 |
| De 11 a 15 m ³ /mes | 0,6671 |
| Más de 15 m ³ /mes | 0,9235 |
| INDUSTRIAIS | |
| Por mantemento do servizo | |
| Mínimo 50 m ³ /mes | 0,6196 |

| | |
|---|---------------|
| Por m ³ que exceda do mínimo | 0,9769 |
| OBRAS | |
| Mínimo 100 m ³ /mes | |
| Por mantemento do servizo | 0,6196 |
| Por m ³ que exceda do mínimo | 1,0965 |
| | |

Modificación do apartado II) do artigo 6º:

II.-) Outras cotas:

1. Cota de alta no servizo: 76,56 €
2. Cota única por dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento: 136,18 €
3. Cota mensual por verificación e conservación de contadores: 0,2344 €
4. Cota mensual por conservación de acometidas: 0,2344 €

SEGUNDO.-Expoñer ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, aos efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CUARTO.- Publicar a aprobación definitiva no BOP e taboleiro de anuncios da Corporación.

Intervén a concelleira Sra. López Sobrado para indicar que non ten nada que engadir neste punto, xa que é unha cuestión que se fai con regularidade a actualización o IPC.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación este punto da orde do día, adoptándose por unanimidade cós votos a favor dos/as 13 concelleiros /as , o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas coa seguinte desagregación:

Modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal (modificación do cadro de tarifas):

| TIPO SUMINISTRO | €/m ³ |
|---|------------------|
| DOMESTICOS | |
| Por mantemento do servizo | |
| Mínimo 10 m ³ /mes | 0,4766 |
| De 11 a 15 m ³ /mes | 0,6671 |
| Más de 15 m ³ /mes | 0,9235 |
| INDUSTRIAIS | |
| Por mantemento do servizo | |
| Mínimo 50 m ³ /mes | 0,6196 |
| Por m ³ que exceda do mínimo | 0,9769 |
| OBRAS | |
| Mínimo 100 m ³ /mes | |
| Por mantemento do servizo | 0,6196 |
| Por m ³ que exceda do mínimo | 1,0965 |
| | |

Modificación do apartado II) do artigo 6º:

II.-) Outras cotas:

5. Cota de alta no servizo: 76,56 €

6. Cota única por dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento: 136,18 €

7. Cota mensual por verificación e conservación de contadores: 0,2344 €

8. Cota mensual por conservación de acometidas: 0,2344 €

SEGUNDO.-Expoñer ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, aos efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CUARTO.- Publicar a aprobación definitiva no BOP e taboleiro de anuncios da Corporación.

5.- DITAME MODIFICACIÓN RÉXIME DE PRESTACIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA, FARMACEUTICA E INCAPACIDADE TEMPORAL AOS FUNCIONARIOS INTEGRADOS

NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL PROVINTES DA EXTINTA MUTUALIDADE DE FUNCIONARIOS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL (MUNPAL).

Indica a secretaria que este punto foi ditaminado favorablemente pola Comisión de contas e de economía e facenda, o día 5 de novembro de 2019 no seguinte sentido:

PRIMEIRO.- A partir do día 1 de xaneiro de 2020, o Concello deixa de asumir as prestacións de asistencia sanitaria, asistencia farmacéutica e incapacidade temporal dos funcionarios municipais integrados no Réxime Xeral da Seguridade Social procedentes do Réxime de Funcionarios de Administración Local (MUPAL), ó abeiro do Real Decreto 480/1993; pasando a prestarse a cobertura de ditas contingencias a través das cotizacións correspondentes do Réxime Xeral da Seguridade Social e deixando de aplicarse os coeficientes reductores en ditas cotizacións correspondentes as contingencias excluídas.

SEGUNDO.- Comunicar a SegurCaixa Adeslas, S.A., como entidade que ven prestando os servizos de asistencia sanitaria a rescisión do contrato con efectos do 31 de decembro de 2.019.

TERCEIRO.- Notificar ás farmacias do Concello que -a partir do día 1 de xaneiro de 2020- queda sen efecto a dispensa aos funcionarios e beneficiarios de medicamentos, especialidades farmacéuticas, efectos e accesorios e non deben atenderse as recetas oficiais previstas no actual Regulamento de asistencia farmacéutica a funcionarios non integrados no Réxime Xeral da Seguridade Social.

CUARTO.- Realizar as xestións necesarias ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social para incluír, a partir do día 1 de xaneiro de 2020, dentro do réxime de coberturas dos funcionarios afectados as contingencias de asistencia sanitaria e incapacidade temporal dos funcionarios afectados.

QUINTO.- Facultar o Sr. Alcalde para adoptar cantas resolucións contribúan a mellor execución deste acordo.

Non habendo intervencións, o Sr. alcalde someteu a votación este punto da orde do día, adoptándose por unanimidade dos 13 membros, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- A partir do día 1 de xaneiro de 2020, o Concello deixa de asumir as prestacións de asistencia sanitaria, asistencia farmacéutica e incapacidade temporal dos funcionarios municipais integrados no Réxime Xeral da Seguridade Social procedentes do Réxime de Funcionarios de Administración Local (MUPAL), ó abeiro do Real Decreto 480/1993; pasando a prestarse a cobertura de ditas contingencias a través das cotizacións correspondentes do Réxime Xeral da Seguridade Social e deixando de aplicarse os coeficientes reductores en ditas cotizacións correspondentes as

continxencias excluídas.

SEGUNDO.- Comunicar a SegurCaixa Adeslas, S.A., como entidade que ven prestando os servizos de asistencia sanitaria a rescisión do contrato con efectos do 31 de decembro de 2.019.

TERCEIRO.- Notificar ás farmacias do Concello que -a partir do día 1 de xaneiro de 2020- queda sen efecto a dispensa aos funcionarios e beneficiarios de medicamentos, especialidades farmacéuticas, efectos e accesorios e non deben atenderse as recetas oficiais previstas no actual Regulamento de asistencia farmacéutica a funcionarios non integrados no Réxime Xeral da Seguridade Social.

CUARTO.- Realizar as xestións necesarias ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social para incluír, a partir do día 1 de xaneiro de 2020, dentro do réxime de coberturas dos funcionarios afectados as continxencias de asistencia sanitaria e incapacidade temporal dos funcionarios afectados.

QUINTO.- Facultar o Sr. Alcalde para adoptar cantas resolucións contribúan a mellor execución deste acordo.

6.- DITAME RECTIFICACIÓN ACORDO PLENARIO DO 24 DE XULLO DE 2019 SOBRE ASINACIÓN DE DOTACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS REPRESENTADOS NA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Indica a secretaria que este punto foi ditaminado favorablemente pola Comisión de contas e de economía e facenda, o día 5 de novembro de 2019 no seguinte sentido:

PRIMEIRO.- Rectificar o acordo recollido en acta do pleno de data 24/07/2019 en relación a asignación económica para os grupos políticos municipais no seu apartado primeiro que quedaría redactado tal como segue

“PRIMEIRO.-Aprobar a asignación, a cada un dos grupos políticos municipais;

GRUPO MIXTO, GRUPO POPULAR, GRUPO de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS e GRUPO BNG, dunha dotación económica mensual cunha contía que é o resultado da suma de dous conceptos: Un concepto fixo de 220,00 € a cada grupo político municipal constituído. Un concepto variable de 50,00 € por cada concelleiro/a integrante do respectivo grupo municipal. Estas asignacións percibiranse por meses vencidos, na primeira quincena do mes seguinte ó vencemento. “

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)”

SEGUNDO .-Notificar o presente acordo a cada un dos grupos políticos deste Concello.

Manifesta o alcalde que do que se trata é de correxir un erro que había.

Non habendo intervencións, o Sr. alcalde someteu a votación este punto da orde do día, adoptándose por unanimidade dos 13 membros, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Rectificar o acordo recollido en acta do pleno de data 24/07/2019 en relación a asignación económica para os grupos políticos municipais no seu apartado primeiro que quedaría redactado tal como segue :

Primeiro.–Aprobar a asignación, a cada un dos grupos políticos municipais; GRUPO MIXTO, GRUPO POPULAR, GRUPO de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS e GRUPO BNG , dunha dotación económica mensual cunha contía que é o resultado da suma de dous conceptos: Un concepto fixo de 220,00 € a cada grupo político municipal constituído. Un concepto variable de 50,00 € por cada concelleiro/a integrante do respectivo grupo municipal. Estas asignacións percibiranse por mes vencidos, na primeira quincena do mes seguinte ó vencemento. “

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

SEGUNDO.–Notificar o presente acordo a cada un dos grupos políticos deste Concello.

7.- DACION CONTA DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros do decretos do alcalde dende o nº 551/2019 de data 3 de setembro de 2019 ata o nº 714/2019 de 4 de novembro de 2019.

Pregunta o alcalde se en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro, se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Indica a concelleira Sra. López Sobrado (do BNG) que tiñen tres mocións para este pleno as cales querían que se abordara a urxencia, dúas delas con rexistro de entrada no concello e outra a maiores que non foi metida por rexistro.

Indica o alcalde que pode pasar a xustificar a urxencia de ditas mocións:

*Indica a Concelleira Sra. López Sobrado (do BNG), que a primeira moción trata sobre a

modificación da ordenanza fiscal reguladora de taxas para utilización de edificios, locais e instalación municipais de 2014, así como da ordenanza reguladora da utilización de edificios, locais e instalacións municipais, entende que é evidente que estes usos se teñen que ordenar por unha ordenanza

-Que a ordenanza fiscal que ten actualmente o Concello penaliza os colectivos e asociacións que fan actividades diarias e regulares e contribúen a dinamizar socioculturalmente o noso concello, e penalízalas, porque teñen que pagar pola utilización diaria que fan dos espazos municipais, o que supón para moitas das asociacións unha cantidade a final de ano bastante importante.

- Que as actividades que fomentan e organizan estas asociacións non teñen ánimo de lucro, senon que a maioría das veces trátase de obradoiros e cursos que os usuarios/as pagan directamente ao profesorado que imparte eses cursos sen que a asociación teña ningún lucro.

-Que e polo que traen ao pleno a proposta da modificación da ordenanza reguladora de taxas de utilización de edificios locais e instalacións municipais de maneira que as asociacións que estean rexistradas no rexistro de asociacións do concello estean exentas do pagamento de taxas por utilización destes espazos públicos e ademais para fomento da participación e transparencia de cara a veciñanza e a creación dunha mesa de asociacións como foro para debater, analizar ...etc cuestións de interese xeral que poidan xurdir e que se poidan consensuar e debater con todos os colectivos do concello, pensamos que é unha medida que contribuiría a participación da veciñanza, os asuntos públicos e a necesaria transparencia coas cuestións públicas e políticas que tanto demanda a sociedade a día de hoxe.

*Indica o alcalde, que o seu grupo político vai votar en contra da urxencia de dita moción, non porque non queiran debater esta moción, pero que xa se falou na xunta de voceiros de que se ía mirar e intentar chegar a un acordo sobre todo no número de mocións que cada partido político poidera traer ao Pleno, ese acordo aínda non se acadou, e iso é o motivo de que non se meteron esas mocións na orde do día.

Seguidamente o alcalde somete a votación a urxencia de tratar agora esta moción, que non prospera por ter 10 votos en contra (6 AxA, 1 PSdeG-PSOE e 3 PP) e 3 a favor (2 BNG e 1 CxG).

*Indica a Sra. López Sobrado (do BNG) que a seguinte moción está vinculada a que estamos as portas da celebración e conmemoración do día 25 de novembro día internacional contra a violencia machista e desde o seu grupo pensan que esa data non debe servir só para facer meras cuestións de carácter simbólico ou posicionamentos retóricos nun só día, senón que debe servir para a reflexión e denuncia ante esta lacra social.

-Que consideramos que grazas os movementos de mulleres e ao feminismo, a violencia contra as mulleres transcendeu do debate público ou político e teñense dado avances, pero consideran que queda moito por facer, é unha desas cuestión pendentes é sobre o que trata esta moción que hoxe presentan, e que afecta a violencia sexual.

-Que recentemente temos asistido a sentezas vergonzosas nas que se menteñen unas tipificacións legais inadecuadas e que non contemplan a crueldade e a especificidade de violencia sexual, nin a consideración desta como violencia machista, e por iso que dende o BNG cremos que sería moi positivo que desde esta corporación se aprobase a urxencia desta moción e tamén a moción, na que reclamamos que por parte da Xunta de Galicia se incremente tanto os recursos económicos e dotacións contra a violencia de xénero, como o cumprimento da Lei galega 11/2007, como por parte do goberno central, a modificación da lei estatal da violencia de xénero que data do ano 2004, e que maila que o estado español ten subscrito o convenio de Estambul no ano 2014 e o pacto de estado de 2017 nos que si se contempla esta violencia sexual como violencia machista, e se contemplan determinadas medidas legais para poder actuar contra ela; pero aínda así na Lei estatal seguense sen corrixir múltiples cuestión e consideracións en canto a tipificación desta cuestión.

-Que consideramos que sería positivo que este concello tivera un acordo neste sentido, un acordo que vaia na liña de avanzar e non levarnos os retrocesos que estamos vendo nestes últimos días, que é ao que nos queren levar outras forzas políticas.

*Intervenén o Sr. alcalde para indicar: Que e certo que o 25 de novembro está ahí, pero cre que non existe demasiado problema, o tema é o suficientemente importante para que non se poida aprobar noutro momento sen que teña que ser xusto antes do 25 de novembro, non o di por desmotivar a urxencia, xa que estamos pendentes dese acordo da xunta de voceiros.

*Manifesta a Sra. López Sobrado (do BNG),-que cre que non habería tampouco problema en que se aprobase antes do 25 de novembro, porque sería positivo e o concello de Arzúa podería saír cun posicionamento como o que se presenta nesta moción, pero en todo caso xa queda a consideración de cada grupo e a conciencia de cada quen

*Indica o alcalde, que o mais xusto para todos e chegar a un acordo na Xunta de voceiros, e traer as mocións que se acorden nesa xunta, non hai outra razón , non hai porque meter aquí a conciencia de ninguén.

Seguidamente o alcalde somete a votación a urxencia de tratar agora esta moción, rexeitándose dita urxencia por 7 votos en contra (6 AxA, 1 PSdeG-PSOE) 4 abstencións (3 PP e1 CxG) e 2 votos a favor do BNG.

*Manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que non están en contra deste tema, pero hai que organizar o tema das mocións na Xunta de voceiros, e importante organizalo canto antes, para saber cales podemos presentar ou cales non e non ter que presentar as

mocións por urxencia.

*Manifesta o alcalde, que xa estivo mirando como se regula o tema das mocións noutros concellos, polo que próximamente convocarase outra xunta de voceiros para debatir ese tema que está pendente.

*Intervén a Sra. López Sobrado (do BNG) para manifestar:

-Que vai expor a última moción, aínda que considera que a posición vai ser a mesma aínda que considera que son cuestións interesantes e o seu debate sería tamén interesante e que os veciños/as escoiten o que cada quen traia ao pleno.

-Que agarda a que non se demore ese acordo pendente da xunta de voceiros, porque estase cortando a función deste organismo que cre que é o máis interesante que hai para que poida haber debate político e poidamos contrastar ideas e opinións que é o máis sano en democracia.

-Que a última moción do grupo BNG, ven motivada polo rexistro que fixo a plataforma social viagalega en todos os concellos, dunha moción vinculada a denuncia da situación actual de emigración, especialmente xuvenil que padecemos en Galicia e dende o BNG decidimos asumir como propia esta moción.

-Que na exposición de motivos, a plataforma social vía galega, recolle que segundo os datos do INE nos últimos anos desde 2008-2017 emigraron de Galicia 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 a 54 anos, idades nas que se concentra as persoas demandantes de emprego.

-Que nese período 79.529 entre 16 a 29 anos abandonaron o noso país mozos/as que ante a falta de perspectivas a nivel laboral tiveron que coller a maleta para gañarse a vida fora. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e traballo sirva para o progreso doutras sociedades en vez de reverter no noso país.

-Que esta moción ven a denunciar esta situación que está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galicia, porque é evidente que o impacto que ten a emigración no noso país está tamén formando parte do avellentamento xeracional que estamos padecendo e do devalo demográfico que é moi acusado no noso país e nese sentido están de acordo co que recolle dita moción.

*Manifesta o alcalde, que cando se resolva a cuestión sobre as mocións, poderanse volver a presentar estas mocións, seguidamente o alcalde somete a votación a urxencia de tratar agora esta moción, rexeitándose dita urxencia por 7 votos en contra (6 AxA, 1 PSdeG-PSOE) 4 abstencións (3 PP e 1 CxG) e 2 votos a favor do BNG.

* Intervén o Sr. Rivadulla Varela (do PP) para manifestar:

- Que haberá que chegar a un acordo na modificación do Regulamento Orgánico Municipal e ver de que maneira que poden meter as mocións se se limitan ou non.
- Que hai un artigo que indica que as mocións pódense presentar antes dos Rogos e preguntas.
- Que lle gustaría que cando se presenten as mocións se pasen os partidos para que poidan miralas previamente, porque sen estudialas , así no momento non se pode decidir se son interesantes ou non.
- Que traían unha moción para este pleno que coincide cunha moción que presentou o BNG sobre o 25 de novembro, pero non coinciden nas mesmas medidas e polo tanto non é fácil ter unha opinión ao respecto e traían outra moción sobre as transferencias que ten que facer o goberno as C.A., ditas mocións quedaran para cando se poidan meter, pero que sexa canto antes.

*Intervén Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para manifestar que tamén tiña varias mocións, pero que nas vai presentar ata que regularice este tema, que espera que sexa o mais rápido posible.

*Indica o alcalde:

- Que imonos acercando mais ao que eran as mocións noutras lexislaturas, porque o debate do primeiro pleno considerouse que eran mais ben rogos que mocións.

- Indica o alcalde que antes de que os grupos empecen a facer rogos e preguntas vai contestar as preguntas que lle fixeron no pleno ordinario de data 5 de setembro de 2019:

* En canto a pregunta realizada pola Sra. López Sobrado relativa ao servizo de axuda no fogar . ¿Cando se vai quitar a licitación deste servizo, para darlle estabilidade o servizo e tamén as traballadoras do mesmo? vai dar unha explicación que vai servir tanto para o servizo de axuda no fogar como para o tema de licenzas urbanísticas.

- Que o ano pasado obrigouse aos concellos a que todas a contratacións se fixeran de maneira electrónica.
- Que este concello desde principios deste ano que veu unha nova secretaria non puxera en funcionamento o tema da administración electrónica.
- Que neste tempo tamén venceron dous contratos, o de axuda no fogar a finais do ano pasado e o servizo técnico urbanístico, por esos motivos houbo un retraso nesa contratación.
- Que neste concello se hai alguén que está facendo ben as cousas é o goberno de AxA, porque cando asumiu o goberno, a interventora presentoulle un folio de servizos que estaban vencidos e algún dende os anos 80 e ninguén se preocupara de poñelos ao día.
- Que estamos metidos nunha espiral, hai servizos que aínda non se sacaron a contratación e hai outros que se quitaron e xa venceron varias veces.
- Que con respecto o servizo de axuda no fogar, estanse mirando os pregos que están case rematados, e para finais de ano e principios do que vén esa

contratación sae a diante.

*En canto a preguntas realizadas polo Sr. Carril Ramos (do BNG) sobre:

* Saneamento en Castañeda

- O procedemento está rematado, falta un informe de interventora e nas vindeiras semanas rematarase a compra das fincas e irase ao notario e ao rexistro, e despois empezaremos co procedemento de contratación da obra.

*Plan Xeral núcleo de San Salvador.

- Que esta será unha cuestión que se traerá a algún dos plenos que quedan, xa que a proposta está rematada , so falta que a secretaria lle vote un vistazo.

*Obra parque infantil

- Polo técnica de Administración Xeral estanse elaborando os pregos para sacar a contratación, houbo un problema no proxecto coas medicións e houbo que reformalo e volvelo a mandar a Deputación para a súa aprobación.

*Contedor rúa das Dores.

- Ese contedor quitouse para a festa do Corpus porque molestaba para poñer o palco, e decidiuse non volvelo a poñer no mesmo sitio; intentouse poñer na rúa Cruz Vermella pero había un problema porque pasaban cables eléctricos e internet e non foi posible, agora xa se lle buscou outra ubicación e tan pronto os de mantemento teñan tempo será instalado na nova ubicación.

* Piscina climatizada

- A cinta da piscina esta repostada.

*Limpeza polígono industrial

- O servizo de mantemento estivo facendo a limpeza hai uns días, porque durante o verán tiveron moito traballo coas rozas e hai pouco persoal dende que quitaron do Grumir, hai 15 persoas menos.
- *Sobre a pregunta da Sra. López Sobrado de cómo quedara o tema do Consello de propiedade Inmobiliaria.
- Estivo chamando a varios concellos por se alguén se presentara para estar presente nese Consello e ningún se presentou, polo tanto non se votou, porque total votar a alguén que non se coñece.

* Respecto as preguntas realizadas polo Sr. Rivadulla Varela (do PP):

*¿Como está o tema dos profesores do conservatorio?

- Naquel momento estabase co proceso de selección, houbo un retraso debido ao propio procedemento e alleo ao traballo do concello, a semana seguinte de empezar co procedemento enteramonos que dous profesores aprobaran unha oposición e despois por cuestións que non entende a xente non presenta ben a documentación e hai que requerirla, houbo tamén alegacións que se tiveron que resolver e por iso foi o retraso.

* ¿Cantas licenzas hai concedidas este ano?

- Xa explicou antes o motivo desa paralesa, hai unha nova arquitecta contratada e estamos concedendo licenzas, outras negandoas e outras requerindolle documentación, deuselle prioridade as de ampliación de explotacións gandeiras polo tema das subvencións.
- Agora estase coas comunicación previas e licenzas as cales xa se lles requerirá documentación porque estaba incompleta.

*¿ Que tipo de solución hai para o cruce, hai contemplada algunha solución, algún tipo de planificación para desviar o tráfico sexa lixeiro ou pesado por algunha outra vía?

- Fixose unha solicitude a Fomento para a instalación duns semáforos no cruce, respondeunos dando permiso para colocalos, pero ten que colocalos o concello, eles mandan a documentación a tráfico, porque tamén hai que ter permiso de tráfico, pero aínda non chegou a contestación.
- Que é partidario de instalar os semáforos, para ver se se vai regularizando a cousa e se segue mal o tema buscaranse outras solucións que xa se están contemplando por parte da policía local, como sería o posible desvío dos camións pesados pola rúa Neira Vilas e que saían a Teiraboa, sen prexuízo doutras solucións.

* Respecto a pregunta de limpeza de fincas

- Se se fala cos técnicos de urbanismo todos os veráns hai moitas solicitudes. Atendense moitas, outras son complicadas porque non teñen un procedemento fácil xa que os propietarios son descoñecidos ou son un montón de herdeiros, e é difícil dar con eles para mandar o requirimento.

* ¿ Hai algunha previsión de cando se van facer as obras do campo de fútbol?

- Por agora non está prevista a contratación, cando se saque intentarase facelo para que coincida na época que haxa menos actividade, pero non se sabe, sábese cando se empeza pero non cando se acaba, xa que as veces hai que requirir documentación as empresas.

* Intervén a Sra. López Sobrado (BNG) para indicar que queren solicitar que consten en acta as respostas dadas polo alcalde.

* Intervén o Sr. Carril Ramos para indicar, que antes de pasar a rolda de rogos e preguntas que facer constar:

- Que el foi un dos membros que asistiu a xunta de voceiros e está claro que o goberno de AxA e PSOE non teñen intención de admitir as mocións e propostas o Pleno, non lles interesa o debate, porque é certo que non se chegou a acordo nese momento e quedouse en facer outra reunión para intentar chegar a un acordo.

- Que a súa proposta era de presentar tres mocións ou propostas por pleno e non foi aceptada nese momento.

- Que de todos modos a lei contempla , independentemente do acordo que adoptemos na Xunta de Voceiros, a presentación de mocións por urxencia e iso non o poden cuartar.

- Que se se considera traer as mocións ao Pleno, incluílas na orde do día que sería o lóxico, xa estudadas e coñecidas por todos os grupos, como indicou o concelleiro de PP o Pleno sería mais curto, independentemente diso a lei contempla a presentación de mocións por urxencia e eles van seguir presentando esas mocións.

*Contesta o Sr. alcalde:

- Que o Sr. Carril Ramos está mentindo porque el dixo que non tiña problema persoal ningún coas mocións, o que non sería bo para todos e entrar na dinámica das mocións que se presentaron no anterior pleno que eran mais ben rogos que mocións, porque entón entrariase nunha dinámica de traer mocións para reclamarlle a xunta, ao goberno do BNG na deputación e non se sairía mais do Pleno.

- Que deixou ben claro que el non tiña ningún problema en debatir ningún tipo de moción e se tanta presa teñen poden solicitar unha xunta de voceiros o luns mesmo.

* Indica a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que ela insistiu en que había que presentar mocións, o Sr. Carril Ramos non pode dicir iso porque está mentindo.

* Manifesta o Sr. Carril Ramos (do BNG) :

-Que non entende porque neste pleno e a 3ª e 4ª vez que a concelleira do PSOE fala cando non lle toca.

- Que non se chegou a ningún acordo, como xa vimos con respecto as mocións que presentamos que non tedes ningún problema en debatilas, non votades a urxencia e xa está arranxado.

*Manifesta o alcalde, que é bastante flexible no turno de palabra, o outro día estaba o Sr. Rivadulla Varela no seu turno de palabra e doulle tamén a palabra a Sra. López Sobrado para que expuxera o que quixera con respecto o tema que se estaba tratando.

*O Sr. Carril Ramos (do BNG) fai os seguintes **ROGOS** o Sr. alcalde:

1º.- Como se falou en radio Arzúa e se comentou por ahí, está habendo neste concello unha vaga de roubos, e facemos un rogo para que o alcalde constituía unha xunta de seguridade cos axentes que correspondan, e así intentar mellorar a situación, xa que hai unha tempada que se están producindo este tipo de feitos e na medida do posible sería importante mellorar a seguridade dos nosos vecinos/as.

2º.- Que se cumpra o acordo de periodicidade dos Plenos (salvo situación excepcionais que poidan darse), que se acordou na primeira sesión que se celebrou do pleno, a proposta do equipo de goberno era de que os plenos ordinarios se celebraran o último xoves de cada mes e levamos seis meses en que non se celebrou ningún pleno no día acordado.

3º.- Que nos fixemos unha proposta de arranxos para cando se fixera a parada técnica da piscina climatizada e o alcalde contestou que xa falara coa empresa e que se ían subsanar todas as deficiencias que había na piscina, e a día de hoxe o que se fixo a empresa foi comprar unha televisión e arranxar unha cinta que non funcionaba, do resto non fixeron nada, hai máquinas de mais de 20 anos en moi mal estado. Na parada técnica a empresa concesionaria non fixo o que debería facer, polo que rogamos ao Sr. alcalde para que inste a empresa para que realice todos os arranxos que eles propuxeron e que están sen facer.

*O Sr. Carril Ramos (do BNG) realiza as seguintes PREGUNTAS:

1ª.- ¿Cómo ten pensado facer este ano o alcalde a contratación da festa do queixo? ¿Vai cambiar a modalidade de contratación ou vai seguir co mesmo sistema de contratación?, porque o ano pasado fíxose cun montón de contratos menores, partíronse un montón de actuacións para facer mais fácil as cousas, houbo unha total falta de transparencia e moitos pagos fixéronse con reparos de intervención.

2ª.- ¿Empezouse a traballar sobre os orzamentos para o vindeiro ano? ¿O alcalde pensa contar cos grupos da oposición para a elaboración deses orzamentos?, xa que estamos xa case a final de ano.

3ª No primeiro pleno desta lexislatura preguntouse porque non era retransmido pola radio, porque na lexislatura anterior retransmitíanse os plenos, entendemos que é bo para a veciñanza, xa que quen non poida vir a escoitalos en directo o poida facer dende a súa casa. O alcalde contestara que por problemas técnicos non se podía retransmitir e

queremos saber ¿se non se retransmiten os plenos porque non están arranxados eses problemas técnicos ou por outros motivos?

4ª.- ¿Vaise facer caso os vecinos/as cando fan unha reclamación razoable sobre uns desperfectos, mal estado en pistas e lavadoiros?. Estase acordando duns vecinos do Cubelo que teñen un problema ca auga que baixa polo rúa Cubelo e pola rúa Ramón Franco, a cal lle está a ocasionar uns desperfectos nos accesos as súas propiedades , viñeron varias veces ao Concello a falar coa concelleira de obras menores, co alcalde e con outros concelleiros e non se lles da arranxado o problema, se non son atendidos seguiremos traendo os vindeiros plenos mais casos de vecinos con esta situación, polo que roga que na medida do posible estes desperfectos que son fáciles de subsanar sexan atendidos.

* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) formula os seguintes ROGOS:

1º.- Que se celebre unha reunión do consello de administración da radio, xa que no pleno ordinario do 5 de setembro de 2019 douse conta dos integrantes do mesmo e dende aquela xa pasaron dous meses.

2º.- Que se iluminen mellor os pasos de cebra na N-547, porque a iluminación dos mesmos non é suficiente xa que os días que chove non se ven ben os peóns, polo que é un perigo.

3º.- Que se acondicione o paso peonil que hai en Brandeso na estrada AC-905 a altura dos Monteiros, xa que leva moito tempo feito é está practicamente impracticable, con pouco que se faga poderíase acondicionar para que a xente poidera pasar por el e non pola estrada.

4º.- Que todos os grupos políticos participen na organización da festa do queixo, igual que fan noutras cidades coas festas mais importantes, logo xa dependerá do goberno municipal facerlle caso ou non as distintas iniciativas. Hai anos había outro sistema e dabaselle entrada a participar a outros partidos políticos e outras entidades.

*Manifesta o Sr. alcalde que recomendas que vaian a xunto o tesoureiro e lle pregunten a cantidade de problemas que trouxo ese sistema.

*Indica o Sr. Rivadulla Varela (do PP) que non se refire a contratación, senón a aportación de ideas sobre como enfocar a festa do queixo.

*Indica o Sr. alcalde, que cambiose o sistema porque trouxo bastantes problemas, cometería un erro gravísimo calquera alcalde que non se deixara asesorar por exemplo no tema musical, na feira do queixo non hai tanto que decidir, o que se trata e cambiar os

procedementos, xa non se paga en man senón que se paga previamente, agora queda a organización de fóra do recinto, pero iremos mellorando pouco a pouco

*Indica o Sr Rivadulla Varela (do PP) que en Lugo el ten experiencia coa festa de Arde Lucus, en que todos os partidos políticos participan, é que en gran media ten que ver co éxito desa festa.

5º.- Que se adecente a zona cara o cemiterio, porque hai edificacións abandoadas, muros con mal aspecto, así como as beirarrúas deixan bastante de desexar, non hai tanto tráfico como na nacional pero é unha zona que tamén hai que atender.

6º.- Que haxa unha conexión leste coa autovía, non sabe se é posible o non ou que dificultades pode poñer o Ministerio de Fomento.

7º.-Que se recupere a feira de cans de caza.

8º.- Que se poña unha sinalización de curva perigosa na estrada que vai cara Visantoña ao pasar San Miguel, de noite e con choiva correse o risco de que un coche saía disparado naquela curva, sobre todo xente que non coñece esa estrada.

En Ponte Lema houbo moitas saídas de vehículos no inverno, creo que había dúbidas sobre a titularidade desa estrada, pero parece ser que é de titularidade municipal e habería que poñer unha sinalización ou algún tipo de limitación para que a xente sexa mais conciente.

10º.- Que se estude a posibilidade de poñer un punto de luz na feira para os do polbo, porque cando montan a primeira hora de maná non teñen luz suficiente, a conexión de auga tamén e deficiente.

11º.- Que se publiquen os contratos menores de mais de 5.000 euros, para cumprir coa lei de transparencia.

12º.- Que haxa mais celeridade para a contratación so servizo de axuda no fogar, xa que desde o mes de maio había unhas sete semanas para a redacción dos pregos e xa pasaron mais de sete semanas e a empresa encargada de preparamos xa tiña que telos rematado.

13º.- Que haxa celeridade nas licenzas urbanísticas, agora mesmo hai unha intención de que polo menos de sacar as que están pendentes dunha subvención, pero nos decretos que recibidos só había unha licenza dunha explotación.

14º.- Que haxa mas celeridade ca alta dos vados, xa que hai xente que leva meses sen que se lle conceda o vado.

Comenta o Sr. Rivadulla Varela (do PP):

- Que non sabe se é un mal entendido, pero con respecto o cobro as asociacións por uso dos locais municipais, leu, que se non hai un uso con fin de lucro desas instalacións non se debería cobrar, outra cousa é se asociación teña ánimo de lucro.

- Que a ordenanza fiscal de uso dos locais municipais modificouse no ano 2014 cando gobernaba BNG e non sabe onde esta o problema con dita ordenanza, se non hai ánimo de lucro non se cobra.

* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) formula as seguintes PREGUNTAS:

1º.- ¿Tivo o concello de Arzúa algún tipo de contacto con NATURGY para recuperar as instalacións ou facer algunha actividade nas instalacións de Portodemouros?

2º.-O 26 de marzo deste ano publicáronse as bases para a formación dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal destinado ao servizo de mantemento por un período de dous anos ¿Quedou sen efecto, porque non se publicou nada?¿Ten algo que ver que despois houbo unha axuda de medio rural?

3º- ¿Hai inspeccións nas feiras quincenais no que se refire aos alimentos?, cre que non hai ningunha , e se o concello non dispón de persoal para facer esa inspección, pode facer unha socilidade a sanidade para que manden inspectores.

4º.-¿ Como está a redacción do proxecto do derribo do sexto andar do edificio da praza?, porque non se publicou nada e non sabe como está ese tema.

*Indica o Sr. alcalde que no vindeiro pleno contestará as preguntas e rogos realizados.

*Intervén a Sra. López Sobrado (do BNG) para indicar:

-Que lle chama a atención que presentada a moción relativa a modificación da ordenanza fiscal do uso de locais, se vote en contra da urxencia e logo o veceiro do PP saque a colación unha cuestión sobre a mesma vinculada a esa proposta.

-Que a ordenanza fiscal no artigo 2 recolle: “Que cando as actividades realizadas impliquen o acceso de 3ª persoas ao local ou instalación cedido mediante contraprestación de natureza pecuniaria”, e iso é o que acontece con moitas actividades que están facendo asociacións neste concello, pois as asociación terían que pagar, polo tanto ahí non hai un lucro da asociación, en todo caso e un lucro para a persoa que fai a actividade, como profesor ou monitor, pero a asociación non está tendo ningún lucro, polo tanto ahí é onde se penaliza as asociación.

-Que as asociacións son as que fan un moi bo traballo neste concello, porque dinamizan socioculturalmente, contribúen a cohesión social e moitas veces suplen as carencias de actividades que o Concello deixa de facer.

- Que volverán a presentar esta moción cando se aclare o tema da presentación das mocions e ahí cada quen expora a súa posición.

- Que cre que está claro como é a situación, se traen esta moción non é porque a sacamos da chisteira senón porque houbo colectivos que nos informaron que por parte do concello se lles comunicou que se vai proceder a aplicar esa ordenanza que ata día de



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

hoxe non se aplicaba.

- Que se a ordenanza se aprobou no 2014 ela non formaba parte da corporación e o seu compañeiro tampouco, en tal caso saberao o alcalde que era o que estaba nesa época.

Manifesta o alcalde, que son só dúas asociacións as que están usando os locais e foi só a esas as que se lle dou o traslado.

Ás 21:24 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data e hora que figura na marxe

| | |
|--------------------------------------|---|
| O alcalde, José Luis García López | A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez |
|--------------------------------------|---|